



FICHA RESUME

PE 410A 2008/8-5

| | |
|---------------------------------------|--|
| Ano | 2009 |
| Entidade | ASOCIACIÓN DE MARISCADORES PEDRA DA OLIVIERA DE VILABOIA |
| Plan explotación⁽¹⁾ | PLAN DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS |
| Réxime⁽²⁾ | ZONA DE LIBRE MARISQUEO |
| Modalidade⁽³⁾ | A PÉ |

| | |
|--------------------------------|---|
| Especies | <i>Hediste diversicolor</i> , <i>Arenicola marina</i> , <i>Diopatra neapolitana</i> |
| Ambito do plan | Entre praia da Pousada e punta Cabalo. |
| Subzonas de explotación | |

| Participantes no plan de explotación | | |
|---|--------------|---------------------------|
| Número de permex/persoas autorizadas | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| 4 | | |
| Ampliación do número de permex⁽⁴⁾ | | Non |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| | | |

| Calendario de explotación | | | | | | | | | | | | |
|---|-----|-----|-------|------|------|-------|--------|--------|-------|--------|-----|--|
| Días máximos de extracción | | 40 | | | | | | | | | | |
| Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ do 16 de marzo ao 30 de outubro. | | | | | | | | | | | | |
| Modalidade⁽³⁾ : A PÉ | | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec | |
| | | X | X | X | X | X | X | X | X | X | | |

| Especies | A pé (exemplares/mariscadora/día)* |
|-------------------------------|---|
| <i>Hediste diversicolor</i> , | 400 |
| <i>Arenicola marina</i> | 400 |
| <i>Diopatra neapolitana</i> | 100 |

(*) O número total nunca poderá superar os 880 exemplares/mariscadoa/día

| | |
|--------------------------|--|
| Artes a empregar | Forquita. |
| Puntos de control | Peirao de Sta. Cristina de Cobres (X:528998.28,Y:4685513.07) |
| Puntos de venda | Centro de venda autorizado. |

| |
|--|
| Outras consideracións⁽⁹⁾ |
| En relación co ámbito do plan, de punta Cabalo a punta Cunchido é zona incluída no ámbito territorial da confraría de Arcade, sen embargo non se presenta o informe favorable desta entidade de acordo co establecido no artigo 3º da Orde de 6 de febreiro de 1998 pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia. Polo tanto, apróbase como zona de traballo de praia da Pousada a Punta Cabalo. |



De acordo co establecido no artigo 7º da Orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e en horario comprendido entre as dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, sen que en ningún caso poidan superarse as 17 horas.

Coas solicitudes de apertura mensuais deberán remitir os seguintes datos:

- Relación das mariscadoras que pretenden desenvolver á actividade.
- Datos de extracción do mes anterior indicando as recolectoras, zona de traballo e nº de individuos/sp capturados.

Con respecto ao método de captura, de acordo co artigo 2º da Orde de 6 de febreiro de 2008, na modalidade de a pé só pode utilizarse sacho, pá ou forquita.

As zonas sometidas ao plan atópanse dentro dos límites da zona de especial protección dos valores naturais da Ensenada de San Simón. Polo tanto deberán respetarse as limitacións impostas pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

- En tanto non se presente o estudo de repercusións ambientais que condicionaba a autorización para o desenvolvemento do plan de explotación do 2009, as cantidades extraídas por mariscador/día quedarán reducidas a **400 individuos para a especie *Hediste diversicolor*, 100 individuos para a especie *Diopatra neapolitana* e a 400 individuos para a especie *Arenicola marina*.**
- No caso de que se levanten ou removen pedras ou substrato, deberán volverse a colocar na posición orixinal.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.